



Unha vez era un matrimonio que tiña dous fillos varóns. E daquela había moita pobreza. Entón díxolle o máis vello ao máis novo:

- “Xanciño”.
- “Que é, hol?”.
- “Temos que aprender cadanseu oficio para gañar algo para vivirmos, que os nosos pais van velliños e non poden.”
- “E logo que oficio colleremos?” - díxolle o máis novo.
- “Pois eu vou de ferreiro”.

E díxolle o máis novo:

- “Ai, pois eu non podoo coa marra para bater o ferro”.

E díxolle o outro:

- “Ti vas ir de xastre. Xa falei co xastre para que che ensine e máis co ferreiro para que me ensine a min. E despois eu traballo de ferreiro e fago sachas para a nosa casa, para traballar de labradores. E ti de xastre, con algún remendiño, eméndasme a min e mais a ti e mais aos nosos pais”.
- “Moi ben!”.

E colleron cadanseu oficio: un de ferreiro e o outro de xastre. E o xastre fixo dúas saquetiñas; e cartiño que ía facendo, botábao naquela saquetiña. E o ferreiro cartiño que ía facendo, botábao na súa saquetiña. Cada un para a súa saquetiña. E de aló a certo tempo, díxolle un ao outro:

- “Ben, e ti que carteira xuntarías?”.
- “Eu non o sei, eu fun botando os cartos que me sobran para a saquetiña e non sei os que teño.”
- “E eu tampouco. Logo, vamos dispoñer un día e contamos os que temos cada un.”

Dispuxeron un día e andaban os dous iguais. E dixeron eles:

- “Que habemos de facer con estes cartos?”
- “Imos mercar un barco” –dixo o máis vello.
- “Pero nós non sabemos dominar, que ganamos co barco?” –preguntou o máis novo.
- “Ti segues o oficio de xastre e eu o de ferreiro e, co barco no mar, poñemos un criado a portar de Camelle para Xixón.”
- “Moi ben”.



Mercaron o barco e buscaron un criado. E puxérono no barco a traballar. E eles seguiron no seu oficio, xuntando para a bolsiña. Tardaron en facer contas co criado. E vai un día e foron facelas e xa o criado se lles marchara co barco. Eles quedaron sen nada e o criado levantoulles o barco.

Como quedaron sen barco, entraron nunha taberna os dous e tomaron cadansúa copa de anís. E díxolle o máis novo ao máis vello:

- “Carga barcos en Camelle
e descárgaos en Xixón,
a compra do noso barco
foi a nosa perdición.”

Perderan todo. E empezoulle o máis vello:

- “Non hai moito que non se acabe
nin pouco que non abaste.
Colle os martelos ferreiro,
que eu tamén xa estou a xastre.”

E empezaron o mundo novamente outra vez. E o barco marchou o criado con él.